



CONCELLO DE AGOLADA

DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente: 32/2019

Asunto: Plan de mellora de camiños municipais 2019/2020

ANTECEDENTES

21/05/2019. Resolución do director xeral de Agader, pola que se outorga ao Concello de Agolada unha axuda por importe de 72.810,00 € e unha porcentaxe de subvención do 98,35% sobre o orzamento aceptado, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020 (número de expediente PM2019-303).

06/05/2019. Prego de prescricións técnicas (informe de urbanismo 2019-0076, código de validación J6ZPZZQHJ6HNMSYMX6RQEZRAY)

01/09/2019. Providencia da Alcaldía de incoación do procedemento.

01/09/2019. Pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) elaboradas pola Secretaría-Intervención (código de validación 6TD634GE3ZGTJ3YEL2YQ5QKRM)

01/09/2019. Memoria xustificativa

01/09/2019. Informe proposta de resolución da Secretaría-Intervención

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURIDICAS

Disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Características do contrato:

Procedemento: aberto simplificado

Tipo de contrato: de obra

Tramitación: urxente.

Motivación da urxencia: o estado do viario e o uso intensivo do mesmo por parte de maquinaria agrícola de gran tonelaxe require unha rápida actuación para evitar accidentes e riscos a integridade das persoas que utilizan o viario.

Código CPV: 45233250-6-1

Valor estimado: 72.809,89 € (IVE excluído)

IVE (21%): 15.290,08 €

Orzamento base de licitación: 88.099,97 €





CONCELLO DE AGOLADA

Financiación:

Exercicio	AGADER	Concello de Agolada	Total
2019	36.405,000 €	7.644,985 €	44.049,985 €
2020	36.405,000 €	7.644,985 €	44.049,985 €
TOTAL	72.810,000 €	15.289,970 €	88.099,970 €

RESOLUCIÓN

Polo exposto, adóptase este acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación 32/2019 mediante procedemento aberto simplificado para a obra PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019/2020 e convocar á súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe:
2019	453.619 €	44.049,985 €
2020	453.619 €	44.049,985 €
TOTAL		88.099,970 €

TERCEIRO. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCSP) e a memoria técnica que rexerá no contrato (PPT)

CUARTO. Publicar a licitación no perfil do contratante do Concello de Agolada.

QUINTO. Publicar na plataforma de contratación del Sector Público la documentación necesaria integrante do expediente de contratación, en particular a memoria xustificativa, o prego de cláusulas administrativas particulares e a memoria técnica.

A documentación necesaria para a presentación de ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SEXTO. Designar aos integrantes da mesa de contratación e publicar á súa composición no perfil do contratante:

- Luís Calvo Miguélez, alcalde, que actuará como presidente da mesa
- Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor da Corporación





CONCELLO DE AGOLADA

- María Crespo Varela, funcionaria da Corporación, que actuará como secretaria da mesa

En caso de ausencia xustificada, designaranse os seguintes suplentes:

- Oscar Val García, suplente da Presidencia
- Diego García Pérez, suplente da secretaria da mesa

A suplencia do secretario-interventor realizarase conforme á normativa reguladora do réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

SÉTIMO. Solicitar o anticipo da anualidade correspondente ao 2019 (36.405,00 €); para á súa xustificación, antes do 30/12/2019, estarán executadas, pagadas e xustificadas investimentos por esta contía, cando menos, equivalente ao importe da axuda cuxo anticipo se solicita.

Agolada, na data que se sinala na sinatura dixital ao marxe.

Luís Calvo Miguélez, alcalde

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor

